

Caldas de Reis. Facendo política con recursos municipais e en plena sexta ola da pandemia.

- Fernando Pérez deixa claro que non se pode facer campaña electoral repartindo unhas placas cos cartos públicos de todos os caldenses, e xa non é a primeira vez na pandemia.
- E un feito de absoluta irresponsabilidade e desesperado facer un reparto persoal en man en plena sexta ola da Covid e co número de positivos que temos en Caldas.
- O feito de identificar correctamente os lugares e os números das vivendas do rural foi unha petición de Populares de Caldas de Reis e era algo moi necesario, pero non fcelo de esta maneira

4, febreiro, 22.- Estes días candidatos non electos que integraron a última candidatura do PSOE as eleccións municipais do noso Pobo están a repartir na compañía do Alcalde e de concelleiros unhas baldosas identificativas do lugar e do número da casa de cada vivenda do rural que se pagaron con cartos públicos dende o Concello. Sobre este tema preguntamos no último pleno, *¿Como é posible que unhas baldosas pagadas con cartos de todos os caldenses sexan repartidas por persoas que non son cargo electo no Concello pero que si formaron parte da candidatura do PSOE local nas últimas eleccións?* Neste clarísimo caso de CACIQUISMO, e que xa non é o primeiro, contestounos que estaban facendo o reparto con *estes candidatos porque así localizaban cales eran as casas.*

O reparto de material municipal ten que ser feito por persoal do Concello, nunca por cargos políticos, posto que non se pode facer política con entregas de material pagado con cartos públicos. Pero que se pode esperar se fixeron exactamente igual co reparto das mascarillas compradas polo Concello no inicio da pandemia.

Para colmo procedeuse a este reparto con número de positivos mais elevado no noso Concello dende que comezou a crisis sanitaria da Covid, polo tanto faise incumprindo criterios de prudencia sanitaria.

E logo xa o que non ten nome é que nome é que as placas indiquen: “Excelentísimo Concello de Caldas e Reis”, cando o correcto é “Imo. Concello de Caldas de Reis”, esta é unha mostra mais de que este Des-goberno municipal non sabe nin por onde anda, se non sabe indicar correctamente o nome do Concello que se pode esperar.

Como conclusión podemos indicar que unha idea que partiu dos Populares de Caldas de Reis, que lle trasladamos en Pleno durante a pandemia posto que mensaxería e sanitarios non eran quen de localizar as casas por falta dos números das mesmas, se convirte por este Des-goberno nun acto caciquil de electoralismo no peor momento de positivos da pandemia, por todo elo esiximos inmediatamente responsabilidades políticas o igual que se fixera cas cartas remitidas a Arxentina ca sinatura do Alcalde e o membrete do Concello pedindo o voto para Juan Manuel Rey nas eleccións de 2007 e que con levou a dimisión do actual tenente alcalde e deputado provincial Manuel González, polo tanto xa son reincidentes.



